

A/A DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
(Avda. María Victoria Moreno, 43, 4º andar - 36071 – Pontevedra)

ASUNTO: ALEGACIONES ao Estudo de Impacto Ambiental, ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e da declaración de utilidade pública das instalacións da liña de media tensión L.M.T. EVACUACIÓN 33 kV P.E. AMPLIACIÓN EDREIRA I (expediente IN408A 2022/015), localizada nos concellos de A Lama e Fornelos de Montes (provincia de Pontevedra).

Dona/Don _____ con DNI/NIE número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio _____ de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Acordo do 20 de decembro de 2024, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten de novo a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, da liña de media tensión LMT evacuación 33 kV P.E. ampliación Edreira I, sita nos concellos da Lama e Fornelos de Montes (Pontevedra) (expediente IN408A 2022/015), as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública das infraestruturas de evacuación da enerxía xerada polos parques eólicos Edreira I, ampliación Edreira I e Coto de Eiras, sitas nos concellos de Fornelos de Montes, Mondariz, Pazos de Borbén e Redondela (Pontevedra) (expediente IN408A 2022/014), e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto da liña de media tensión LMT evacuación 33 kV P.E. ampliación Edreira I (expediente IN408A 2022/015) e das infraestruturas de evacuación da enerxía xerada polos parques eólicos Edreira I, ampliación Edreira I e Coto de Eiras (expediente IN408A 2022/014).

1. A implantación da LMT afecta aos aproveitamentos actuais agropecuarios e forestais.

A instalación do tendido eléctrico implicará restricións significativas nos usos dos terreos afectados. En virtude do Real Decreto 1955/2000, prohibese a plantación de árbores de calquera tipo baixo o tendido, así como a construción de edificios e instalacións industriais. Ademais, os terreos afectados pasarán a ser clasificados como Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas (SREPI), o que supón unha perda de dereitos e un incremento das obrigas para as persoas propietarias, limitando as posibilidades de aproveitamento e xestión do solo.

2. As infraestruturas de evacuación dos PP.EE Edreira I e Ampliación Edreira I, así como os propios PP.EE., afectarán a diferentes montes veciñais das CMVMC de A Lama repercutindo negativamente sobre o aproveitamento dos mesmos.

A CMVMC de Xende veríase afectada polo trazado soterrado e o trazado aéreo, así como polo aeroxerador ED1, o centro de seccionamento, gabias e vieiros. A CMVMC Xesta afectaríalle o trazado aéreo, o aeroxerador A-ED2, gabias e vieiros. A CMVMC Antas veríase afectada polos aeroxeradores A-ED1, vieiros e gabias, así como pola plataforma do aeroxerador ED2. A CMVMC Seixido veríase afectada polos aeroxeradores A-ED4 e A-ED3, gabias e vieiros.

3. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG), polo que se rexen os proxectos eólicos, non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE), polo que incumpre a lexislación ambiental española e europea.

A norma estatal, *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, establece que a avaliación ambiental é un mecanismo indispensable para garantir a protección do medio ambiente. Neste sentido, a ausencia de avaliación ambiental estratéxica (AAE) do Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG)

supón un incumprimento das obrigas establecidas no marco normativo europeo, concretamente das Directivas 2011/92/UE, 2003/35/CE e 2001/42/CE. Estas disposicións normativas establecen a necesidade de avaliar os impactos ambientais de plans e programas que poidan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, garantindo así a transparencia e a participación pública no proceso de toma de decisións.

4. A localización do apoio número 3 do tramo II da LMT incumpre as determinacións das Directrices de Paisaxe de Galicia sobre afloramentos rochosos.

O EslA non valora o impacto da cimentación do apoio N.º 3 sobre os afloramentos rochosos. A execución da torre pode causar danos irreversibles, incluíndo a destrución total destes elementos naturais, o que constitúe un impacto severo e irreversible. Esta afección incumpre as determinacións de conservación dos afloramentos recollidas nas Directrices de Paisaxe de Galicia.

5. A promotora non identifica nin avalía a potencial afección sobre as captacións de auga para abastecemento humano existentes.

Constátase a presenza de polo menos 4 captacións dentro da área de influencia de 500 m da liña eléctrica obxecto no termo municipal de A Lama. As obras de implantación da LAT poden afectar ao sistema de abastecemento de auga, producindo cambios no caudal e na calidade das augas da zona. Esta potencial afección debe ser estudada e analizada tanto pola promotora como polos organismos competentes: Augas de Galicia e DX Saúde Pública. Ademais a promotora debe garantir o abastecemento ininterrompido de auga para toda a veciñanza.

6. A LMT afectará á calidade paisaxística e ao patrimonio natural da zona, especialmente á Serra do Suído (clasificada como Área de Especial Interese Paisaxístico e proposta como Rede Natura 2000).

A transformación dunha paisaxe rural tradicional nunha paisaxe de carácter industrial suporá unha redución significativa dos valores paisaxísticos da comarca. A singularidade radica nos usos do solo: agrícola, gandeiro e forestal dentro dunha contorna montañosa ben conservada. Ademais, a ausencia de tendidos eléctricos visibles na zona reforza a súa identidade paisaxística, polo que a introdución dunha LMT representaría un elemento esóxeno que xeraría un impacto visual significativo, alterando a percepción e a integración da paisaxe existente.

A execución dos parques eólicos e as liñas eléctricas implicarían cambios na paisaxe que alterarían tamén os valores da Serra do Suído, sen que tales efectos poidan mitigarse con ningún tipo de medida correctora. Así mesmo, resulta relevante a afección sinérxica dos parques eólicos e liñas eléctricas en tramitación na zona sobre as aves rapaces da zona, que se desprazan por estes cumios, a Serra do Suído e a Serra do Cando.

7. Un proxecto eólico, debe constar nun único expediente, de tódolos elementos esenciais para o seu funcionamento incluídas as infraestruturas de evacuación. De xeito contrario, incumpriría a normativa do sector eléctrico.

Segundo as normas do sector eléctrico (Lei 54/1997 e Lei 24/2013), unha instalación de produción de enerxía eléctrica (parque eólico) está constituída tamén polas infraestruturas de evacuación de enerxía, que inclúen a conexión coa rede de transporte e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica. Deste xeito poderase avaliar de forma completa e correcta tódolos potenciais impactos das instalacións sobre a fauna, flora, paisaxe e saúde pública, entre outros factores.

Os PP.EE. Edreira I e Ampliación Edreira I están sendo tramitados como proxectos independentes entre eles e independentes das infraestruturas de evacuación ("Subestación Posición P.E: Edreira I e Ampliación 33 kV", "LMT Evacuación 33 kV P.E. Ampliación Edreira I", "Posición de transformación 33/132 kV" e "LAT 132 Conexión a SET Pazos de Borbén"), incumprindo a normativa eléctrica. Así mesmo, as instalacións do P.E. Coto de Eiras son imprescindibles para o funcionamento destes parques eólicos e tendidos eléctricos.

Considérase que estamos ante un fraccionamento irregular no que respecta á tramitación ambiental, que impide que se poidan avaliar correctamente tódolos impactos xerados polo macroproxecto eólico sobre a fauna, flora, paisaxe e saúde pública, entre outros factores. Estamos a falar dun proxecto onde están implicados 5 expedientes administrativos: IN661A 2011/15-4, IN408A 2020/168, IN408A 2022/015, IN661A 2011/16-4, IN408A 2022/014. Ademais a potencia total do macroproxecto sería de 73,20 MW, polo que debería tramitarse mediante a Administración Xeral do Estado e non a través da Administración Autonómica, ao superaren os 50 MW de potencia total.

8. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e, nalgúns casos, cunha metodoloxía inapropiada.

O Estudo de Impacto Ambiental debe contar con estudos específicos completos e con criterios actualmente consagrados. A continuación sinálanse as deficiencias máis significativas:

- Non se inclúe ningunha análise específica de avifauna baseada en traballo de campo, nin actual nin pasado. Segundo a normativa vixente, é preceptiva a avaliación da afección do proxecto sobre as aves mediante a realización dun estudo en campo ao longo dun ciclo anual completo, co obxectivo de identificar as especies presentes e os seus patróns de comportamento. Ademais, é fundamental analizar as sinerxías con outros parques eólicos e liñas eléctricas existentes ou en tramitación, xa que o efecto acumulativo destas infraestruturas pode incrementar significativamente o impacto sobre a avifauna.
- A promotora propón a instalación de salvapaxaros para evitar colisións das aves, pero non propón ningunha medida para mitigar os riscos de contacto das aves nocturnas con esta liña eléctrica.
- Non se menciona o Parque Eólico Hedreira (expediente PEol-914) tramitado vía Administración Xeral do Estado e que afecta ao termo municipal de A Lama. Polo tanto, as súas infraestruturas non foron tidas en conta na análise de sinerxías con este proxecto eléctrico.
- Non se inclúe unha análise específica da afección paisaxística sobre a Fervenza de Liñares e a súa contorna, a pesar de tratarse dun dos principais reclamos turísticos do Concello de A Lama. Esta área, rodeada por varias rutas de sendeirismo, posúe un alto valor paisaxístico e recreativo, polo que a alteración da súa integridade visual podería ter un impacto negativo tanto sobre a percepción da paisaxe como sobre a atracción turística da zona.

En virtude de todo o exposto,

SOLICITA:

A **non construción da** liña eléctrica de evacuación do P.E. Edreira I e do P.E. Ampliación Edreira I, denominada **LMT Evacuación 33 kV P.E. Ampliación Edreira I con código de expediente IN408A 2022/015**, en base ao rexeitamento do estudo de impacto ambiental, das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e de declaración de utilidade pública das instalacións da citado proxecto.

En _____, a _____ de _____ do 2025.

Asdo. _____